Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Tfno: 981 745 100
correo@cee.gal
www.cee.gal

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN DAS PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS, CONSTITUCIÓN DA BOLSA DE EMPREGO E INICIO DO CHAMAMENTO PARA O NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO NA PRAZA DE ARQUITECTO/A MUNICIPAL A XORNADA PARCIAL (18,75 HORAS/SEMANA).

EXPEDIENTE DECRETO: 2026/G003/001214

ANTECEDENTES:

EXPEDIENTE DE ORIXE: 2026/E001/000010

Primeiro. Mediante Decreto da Alcaldía nº 790/2026, do 5 de agosto de 2026, aprobáronse as bases reguladoras para a formación dunha bolsa de emprego, polo sistema de concurso-oposición, destinada a atender as necesidades de nomeamento de persoal funcionario interino na praza de arquitecto/a municipal a xornada parcial de 18,75 horas semanais, vacante no Concello de Cee. As bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 153, do 13 de agosto de 2026.

Segundo. Mediante Decreto da Alcaldía nº 902/2026, do 15 de setembro de 2026, aprobouse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, nomeouse o Tribunal cualificador e convocáronse as probas selectivas.

Terceiro. O Tribunal cualificador, constituído o 21 de setembro de 2026, procedeu ao desenvolvemento do proceso selectivo, coa valoración da fase de concurso e a realización da fase de oposición o 22 de setembro de 2026, así como ao exame e resolución das alegacións presentadas, á revisión das cualificacións e á rectificación dos erros materiais advertidos.

Como resultado destas actuacións, o Tribunal acordou as puntuacións definitivas das persoas aspirantes e a proposta de constitución da bolsa de emprego, segundo consta nas Actas nº 1, do 21/09/2026; nº 2, do 22/09/2026; nº 3, do 09/11/2026; e nº 4, do 19/11/2026.

Cuarto. A praza de arquitecto/a municipal figura na Relación de Postos de Traballo como posto de persoal funcionario, grupo A1, nivel 24 e xornada parcial de 18,75 horas semanais. Consta no expediente a existencia de retencións de crédito para as retribucións do posto e informe de fiscalización favorable con observacións, entre elas a necesidade de acreditar crédito adecuado e suficiente no momento do nomeamento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia. De conformidade cos artigos 21.1.g) e 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde á Alcaldía aprobar as bases dos procesos de selección, efectuar os nomeamentos e exercer a xefatura superior de todo o persoal. A base décimo cuarta da convocatoria atribúe á Alcaldía, por proposta do Tribunal cualificador, a aprobación da constitución da bolsa de traballo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: xVhJdpOzEOpa27hU3x1d Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cee.gal/

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Tfno: 981 745 100
correo@cee.gal
www.cee.gal

Segundo. Puntuacións e relación definitiva. A base décimo segunda establece que a cualificación final será a suma da puntuación obtida na fase de oposición, sempre que se alcance a puntuación mínima esixible, e da puntuación da fase de concurso. Terminada a avaliación e consideradas as reclamacións, o Tribunal fará pública a relación de persoas aprobadas por orde de puntuación, que formarán parte da bolsa que aprobará a Alcaldía.

Terceiro. Rectificación de erros. O artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, permite rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia das persoas interesadas, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos actos administrativos.

Cuarto. Chamamento. A base décimo cuarta dispón que o chamamento se realizará segundo a orde de puntuación, mediante chamada telefónica efectuada por persoal funcionario municipal expresamente designado, cun máximo de dous intentos no mesmo día e a distinta hora. De cada intento deberá deixarse constancia mediante dilixencia.

Quinto. Documentación e nomeamento. A persoa que acepte o chamamento deberá presentar no prazo máximo de tres días a documentación prevista nas bases décimo terceira e décimo cuarta, incluída certificación médica actualizada acreditativa da capacidade funcional para o desempeño do posto. O nomeamento queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Sexto. Vixencia. A base décimo quinta establece unha vixencia da bolsa de tres anos desde a aprobación da súa constitución, salvo que antes se constitúa outra bolsa que a substitúa.

Á vista do exposto e no exercicio das atribucións que me confire a lexislación de réxime local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Tomar coñecemento e **aceptar a proposta formulada polo Tribunal** cualificador na Acta nº 4, do 19 de novembro de 2026, pola que se rectifican os erros materiais advertidos na Acta nº 3 e se aproba a relación definitiva das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo.

SEGUNDO. Estimar parcialmente no que se refire á rectificación dos erros materiais e aritméticos, o recurso de alzada presentado por María Belén Lamas Pardo, así como o acceso o expediente (mediante remisión do solicitado xunto coa notificación do presente Decreto) e a solicitude de rectificación presentada por Beatriz Álvarez Fontenla, declarando corrixidos os datos obxecto dos seus escritos nos termos recollidos na Acta nº 4.

TERCEIRO. Aprobar as puntuacións definitivas do proceso selectivo e a seguinte orde de prelación:

Orde	DNI	Persoa aspirante	Concurso	Oposición	Total
1	***9659**	ÁLVAREZ FONTENLA, BEATRIZ	5,13	18,00	23,13
2	***8116**	LAMAS PARDO, MARÍA BELÉN	8,00	14,90	22,90
3	***2535**	AGUIAR BAÑA, MAXIMINO MANUEL	5,50	13,50	19,00
4	***2668**	JUAN SIERRA, MICHAEL	4,25	12,40	16,65

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: xVhJdpOzEOpa27hU3x1d Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cee.gal/

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Tfno: 981 745 100
correo@cee.gal
www.cee.gal

5	***8698**	NÚÑEZ FRESCO, CRISTINA	3,60	12,10	15,70

CUARTO. Constituír a bolsa de emprego para atender as necesidades de nomeamento de persoal funcionario interino na praza de arquitecto/a municipal a xornada parcial de 18,75 horas semanais, integrada polas cinco persoas relacionadas no punto anterior e coa orde de prelación alí establecida.

QUINTO. Declarar que a bolsa terá unha **vixencia de tres anos** desde a data desta resolución, ou ata que se constitúa con anterioridade unha nova bolsa que a substitúa, e que o seu funcionamento se rexerá polas bases aprobadas mediante Decreto nº 790/2026.

SEXTO. Iniciar o chamamento para a cobertura interina da praza vacante de arquitecto/a municipal a xornada parcial, comezando pola persoa situada en primeiro lugar da bolsa e continuando, de ser necesario, pola orde de prelación aprobada.

SÉTIMO. Designar a Juan Carlos Santabaya Louzán, funcionario de carreira do Concello de Cee, para efectuar os chamamentos telefónicos ás persoas integrantes da bolsa e estender as correspondentes dilixencias, nas que se fará constar a data e hora de cada intento, se houbo ou non resposta e, de habela, o seu sentido. Realizaranse como máximo dous intentos no mesmo día e a distinta hora. Se non se puidese contactar coa persoa chamada, de conformidade coa facultade prevista na base décimo cuarta, determínase expresamente que se efectuará un novo intento no día hábil seguinte.

OITAVO. Requirir á persoa que acepte o chamamento para que presente, no prazo máximo de 3 días, a documentación prevista nas bases décimo terceira e décimo cuarta, incluída certificación médica actualizada, cunha antigüidade non superior a tres meses, na que conste expresamente que posúe a capacidade funcional para desempeñar as funcións propias do posto de arquitecto/a.

NOVENO. Condicionar o posterior nomeamento á comprobación do cumprimento dos requisitos, á presentación completa da documentación e á existencia de crédito adecuado e suficiente. Unha vez comprobados estes extremos, ditarase a correspondente resolución de nomeamento e concederase un prazo de tres días naturais desde a súa notificación para a toma de posesión.

DÉCIMO. Publicar esta resolución e a acta nº 4 no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Cee, coa anonimización dos documentos de identidade nos termos da normativa de protección de datos.

DÉCIMO PRIMEIRO. Notificar esta resolución a María Belén Lamas Pardo e a Beatriz Álvarez Fontenla, e comunicarlla ao departamento de persoal, á Intervención e á Tesouraría para os efectos oportunos.

DÉCIMO SEGUNDO. Dar conta desta resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

RÉXIME DE RECURSOS

Contra o apartado segundo desta resolución, no relativo á resolución do recurso de alzada presentado por María Belén Lamas Pardo, non cabe outro recurso administrativo, de conformidade co artigo 122.3

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: xVhJdpOzEOpa27hU3x1d Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cee.gal/

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Tfno: 981 745 100
correo@cee.gal
www.cee.gal

da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer recurso extraordinario de revisión nos supostos previstos no artigo 125 da mesma lei ou recurso contencioso-administrativo perante o xulgado competente no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

Contra os restantes pronunciamentos desta resolución, que poñen fin á vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición perante a Alcaldía no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou directamente recurso contencioso-administrativo perante o xulgado competente no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, sen prexuízo de calquera outro recurso que se considere procedente.

En CEE, na data da sinatura electrónica.
A alcaldesa, *Margarita Lamela Louzán*
A secretaria, *Rocío Hermida Cancela*
[Documento asinado electrónicamente]

CVD: xVhJdpOzEOpa27hU3x1d Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cee.gal/

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)